

HUMANIZACION

ÁREA SANITARIA DE LUGO, CERVO E MONFORTE DE LEMOS

No ámbito territorial, esta área sanitaria xestiona todos os servizos sanitarios de atención primaria, especializada e sociosanitaria dos seguintes concellos: Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Casterverde, Cervantes, Cervo, Chantada, Corgo (O), Cospeito, Folgoso do Courel, Fonsagrada (A), Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, Incio (O), Láncara, Lourenzá, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Nogais (As), Ourel, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Pantón, Paradela, Páramo (O), Pastoriza (A), Pedrafita do Cebreiro, Proba do Brollón (A), Pol, Pontenova (A), Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, Saviñao (O), Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, Valadouro (O), Vicedo (O), Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove.

En total, ten unha poboación protexida de 318 149 habitantes, dos que 32 054 son persoas menores de idade entre 0 e 14 anos, un 10,08 % da poboación protexida, e 91 964 teñen máis de 64 anos que representan un 28,91 % da poboación protexida.

Para o desenvolvemento da súa actividade asistencial a Área Sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos conta co **Complejo Hospitalario Universitario de Lugo**, integrado polo Hospital Universitario Lucus Augusti-HULA, co Hospital de Monforte e co Hospital Público da Mariña, ademais de centros de saúde, consultorios e puntos de atención continuada.

Dispoñen dun Plan de humanización propio, ademais creouse a figura da Supervisión de Humanización dependente da Dirección de Enfermería, que é a encargada de impulsar, monitorar e realizar o seguimento de todos os proxectos que se enmarcan dentro do Plan de humanización da área sanitaria, e a continuación recóllense os máis destacados:

PERSONALIZACIÓN E ADAPTACIÓN DE ESPAZOS:

ÁREAS DE PEDIATRÍA

DESEÑO DE ÁREAS CON MOTIVOS INFANTÍS. Na área de hospitalización todos os cuartos dispoñen de murais personalizados realizados pola Escola Superior de Arte Ramón Falcón. Estes murais tamén se atopan en zonas como control de enfermería, así como os espazos de lecer, escola, ciberaula e sala de xogos. Tamén adornan as paredes de áreas do centro hospitalario, como Urxencias, Consultas Externas, UCI, etc. así como de centros de saúde.



ÁREAS DE PEDIATRÍA

DESEÑO DA ÁREA DE ESPERA. Coa colaboración dunha empresa farmacéutica, habilitouse un espazo na sala de espera de Consultas Externas de Pediatría baixo o nome de "Play Zone", cuxo obxectivo é crear unhas contornas hospitalarias máis amables e acolledoras para as persoas menores de idade. A "Play Zone" inclúe xogos, mesas e cadeiras para que os pequenos se entreteñan e pinten, e zonas de lectura con contos educativos como os protagonizados pola moniña Coco, o primeiro personaxe Disney con diabetes. Este personaxe axúdalles aos máis pequenos a entender que un menor con esta enfermidade pode gozar das mesmas actividades que outros nenos e nenas da súa idade, sempre que se planifique e actúe conforme aos requirimentos desta patoloxía.

AMBIENTACIÓN DO ESPAZO DE ESPERA DE ATENCIÓN TEMPERÁ. O obxectivo foi converter unha sala máis amable que anime aos pacientes máis pequenos con necesidades especiais e a súas nais. Con ilustracións que recorren o espazo, e contraste de cores que dan sensación de perspectiva e figuras dinámicas que xogan en un espacio ficticio. Ademais dispoñen de mesas con cadernos para colorear e pintar, sin esquecernos do coche teledirixido e adaptado para estes nenos.



ORELLA ELECTRÓNICA. Instalación na UCI de Neonatos e de Pediatría dun sistema de aviso de nivel de ruído. Trátase dun sonómetro que mide o nivel de decibeis que se rexistra na sala e advirte e informa deste por medio dun semáforo con forma de orella. Trátase de reducir a tensión derivada de estímulos externos nocivos que poderían sufrir os menores lactantes durante a súa estancia no hospital e favorecer así o seu correcto neurodesenvolvemento.



SAÚDE MENTAL

MURAI FEITOS POR PERSOAS DOENTES. Mural situado no Hospital de Día Psiquiátrico con mostras de debuxos, pinturas, gravados e diferentes obras artesanais, que decoran os espazos que conforman a Unidade de Saúde Mental.

UNIDADE DE PARTOS

UNIDADES DE TRABALLO, PREPARACIÓN E RECUPERACIÓN DO PARTO (UTPR). Actualmente dispoñen de 6 unidades deste tipo (2 de baixa intervención), no que a nai e a súa persoa acompañante permanecen durante as tres fases dun parto minimamente intervindo e ata 2 horas despois deste, evitando así traslados innecesarios. As UTPR son unidades íntimas e integradas, que facilitan a privacidade e a participación activa da parella/persoa acompañante en todo o proceso do parto, e dispoñen de todo o material médico necesario (cama de partos, monitoraxe materno-fetal ou berce térmico), así como de elementos



de apoio no período de dilatación (bañeira de partos, pelotas, asentos específicos etc).

MURAIS EN DISTINTAS ÁREAS. Trátase de unha serie de 250 recursos artísticos, que podemos atopar en numerosos espazos do Hula, do hospital Monforte e do PAC de Sarria e CS Barreiros. É importante resaltar que é un modelo tecido a través da participación social e cidadá que integra o traballo dos estudantes voluntarios da Escola Superior de Arte Ramón Falcón de Lugo, profesionais, e coa colaboración da Asociación Pasiño a Pasiño da costa de Lucense.



parte do plan do Sergas de implantar en todas as áreas sanitarias este tipo de unidades adaptadas. O modelo de aseo é similar ao prototipo deseñado no Complexo Hospitalario de Pontevedra que foi o impulsor de esta iniciativa.

SALAS DE LACTACIÓN MATERNA. O complexo hospitalario conta con tres espazos para favorecer a alimentación natural do menor lactante, no marco da “Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e Lactación” (IHAN) que promoven a OMS e UNICEF, dotadas incluso con extractores de leite materno. Son espazos cómodos e íntimos que teñen asentos adecuados, equipados con papeleiras e un baño adxacente, con mesa de cambio para limpar o bebé, e están está equipados con bombas de extractoras de leite.

ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

SINALIZACIÓN E FERRAMENTAS INFORMATIVAS:

ÁREA
CIRÚRXICA

PROXECTO “LEMBRA”. Implantación na área cirúrxica dun sistema de avisos, vía SMS, ás familias de persoas doentes do fin da cirurxía, co fin de evitar aglomeracións nas salas de espera e reducir así o nivel de ansiedade das persoas acompañantes da persoa doente. No caso de que a intervención sexa longa, o equipo cirúrxico pode enviar tamén outra mensaxe advertíndolles ás persoas acompañantes de que a cirurxía segue o seu curso para tranquilizalos.

ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

IMPLANTACIÓN DO SISTEMA “QUENDA”. Trátase da plataforma Quenda Medic, que apoia o persoal de servizos de obtención de cita, recepción, asignación de

quendas de atención e acceso das persoas usuarias aos servizos de saúde que necesiten, o que permite obviar trámites administrativos á vez que reduce o tempo de espera nas salas. As pantallas da plataforma difunden contidos dixitais que, ademais de facilitar a circulación de persoas doentes de consultas externas, promoven hábitos de vida saudable, ou calquera tipo de información sobre saúde.

IMPLANTACIÓN DA APLICACIÓN “SIGUE”. Aplicación de móbil para orientarse dentro do hospital e así atopar facilmente o seu destino, mediante mapas internos do edificio e visión de “realidade aumentada”. A aplicación serve tamén, entre outras utilidades, para consultar citas programadas ou para conseguir a quenda de consulta unha vez que entren no hospital sen ter que pasar polos “quioscos” habilitados para estes fins, nin polo mostrador.

PROXECTO



Baseado na iniciativa promovida pola xeriatra inglesa Dra. Kate Granger, principal impulsora da campaña “Hello my name is” (“Ola, o meu nome é...”), o proxecto #OlaChamome está dirixido a lembrarllas a todo o persoal sanitario (médicos, enfermeiras, administrativos ...) a importancia de presentarse ante as persoas doentes.

PÓSTERS INFORMATIVOS. Ao fío do Código Amable instaláronse pósters informativos de liñas de autobuses en cada entrada do HULA, así como o teléfono de radiotaxi.

ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN E DE ATENCIÓN EMOCIONAL:

ÁREAS DE PEDIATRÍA


HUMANIZACIÓN EMOCIONAL EN UCI. UCI aberta a permitir que as persoas menores de idade ingresadas todo momento polos seus pais, evitando así que tamén a idade como os proxenitores teñan que pasar polo estancarse levando a cabo unha serie de proxectos e “Cucadas” (elaboración, por parte de persoas voluntarias os menores lactantes ingresados), o “Proxecto fotógrafa, realízalles fotografías aos menores lactantes ingresados en neonatos e se lle proporcionan aos pais gratuitamente), felicitacións de cumpre-meses en neonatos, o proxecto “Bodie Maximus” co Club de Baloncesto Breogán (os nenos nados o día seis de cada mes reciben unha peza coa imaxe do club e os pais teñen billetes para presenciar un partido) ou o acordo co Club Deportivo de Lugo (consiste nunha tarxeta de bebé, un documento simbólico, mentres que os pais recibirán unha carta de felicitación, dúas entradas e un agasallo para que o pequeno poida recoller no CD LUGO)



PROXECTO “PRETO DE VÓS”. Trátase de titorías diarias aos pais de menores lactantes prematuros cuxo obxectivo é imprimir seguridade e confianza.

ÁREAS DE PEDIATRÍA

PROGRAMA DE ACTIVIDADES LÚDICAS E DE ANIMACIÓN. Coa colaboración de asociacións como a Fundación Abracadabra ou a Cruz Vermella, ademais de empresas privadas. Son espectáculos e actividades moi variadas como contacontos, concertos, espectáculos de maxia, talleres de traballos manuais, concursos de debuxo, concurso de postais do Nadal, xogos e exposicións con figuras Playmobil cedidas pola asociación Aesclick, actividades en datas sinaladas como visita dos Reis Magos con entrega de agasallos, Entroido ou festa ARDE LUCUS.



familias poden gozar de películas e debuxos animados que os entretéñen e suavizan o seu ingreso. Todo iso nun espazo denominado CIBERCAIXA HOSPITALARIA que diariamente está dinamizada por voluntariado da Cruz Vermella. Tamén se realizan actividades educativas de verán para as persoas doentes máis pequenas como KITS de hábitos saudables, valores, habilidades comunicativas, sensibilización social, medio ambiente, ciencia, síntese dos medicamentos, que sabes do VIH, da malaria etc.

COCHES TELEDIRIXIDOS. A humanización nesta ocasión veu con catro rodas e cun volante. Trátase de dous coches eléctricos teledirixidos, doados pola Cruz Vermella e a Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios de Lugo (APREVAR), nos que a partir de agora os máis pequenos, que deben someterse a unha intervención ou proba médica no bloque cirúrxico van percorrer as salas do bloque cirúrxico ata chegar á sala de operacións. Esta iniciativa ten claros beneficios en termos de benestar e saúde, e axuda a reducir o medo, o estrés e a ansiedade nos nenos, que poden afectar tanto a chegada á sala de operacións, a administración de analxésia como a fase de vixilia despois da cirurxía. Deste xeito entran máis relaxados no bloque cirúrxico, o que facilita a tarefa do persoal no seu interior. Os hospitais de Mariña e Monforte tamén recibiron un coche doados por Apetéceme.

MÚSICA EN NEONATOS. O uso terapéutico intencional de son vivo e cancións de berce, pode influír na función cardíaca e na función respiratoria, mellora os patróns de alimentación e pode aumentar os períodos prolongados de estado de alerta tranquila. Ademais, a música reduce as escalas de tensión dos pais.

FLEXIBILIZACIÓN DE HORARIO DE VISITAS. Horario flexible nas visitas das familias ás persoas doentes ingresadas na unidade desde abril do 2018.

ACCESO A DISPOSITIVOS MULTIMEDIA. Dotouse a unidade con Tabletas , de xeito que os pacientes, que o seu estado o permite, poden navegar por internet para consultar a prensa...

UCI ADULTOS

INSTALACIÓN DE RELOXOS. Todos os boxes da Unidade dotáronse de reloxos no que aparece o día e o mes, a temperatura e a fase lunar co fin de que estean conectados en espazo e tempo.

IMPLANTACIÓN DE PROGRAMA MUSICAL. O programa musical da UCI é compatible coa atención normal do paciente e é ben recibido polos pacientes, as súas familias e persoal. A música en vivo é interpretada por cuartetos de músicos do conservatorio de música Lucense e alumnos da escola de música Fingoy , as sesións son de 30 minutos , en fechas especiais .

PROXECTOS DEPORTIVOS. Actividades deportivas desenvolvidas para as persoas doentes do Hospital de Saúde Mental de Calde, como tenis de mesa, en convenio coa Escola Municipal de Tenis “Dez Portas”, ou o proxecto Basquet, en colaboración coa asociación Pista Vermella, no que deportistas voluntari@s lles ensinan ás persoas doentes a xogar ao baloncesto e imprimir o deporte como práctica saudable.

TALLERES DE XADREZ. Persoas doentes maiores con demencia e persoas doentes psiquiátricas son as beneficiarias das partidas de xadrez que un día á semana lles facilitan as persoas voluntarias deste programa, cuxo obxectivo é a mellora das capacidades cerebrais e, por conseguinte, o aumento de calidade de vida das persoas doentes.

EDUCACIÓN BUCO-DENTAL PARA DOENTES DE SAUDE MENTAL. O obxectivo é contribuír a mellorar a saúde bucodental dos pacientes de saúde mental. As tarefas principais son: a promoción da saúde e da hixiene bucal a través de iniciativas de educación sanitaria e directrices de odontoloxía social e comunitaria, á que asisten profesionais voluntarios.

EDUCACIÓN DE ADULTOS. Profesorado voluntario, impárteles clases para acceso á ESO ás persoas doentes de Saúde Mental de Hospital de Día, para facilitar a súa reinserción laboral e na sociedade. Tamén se realizan talleres de informática impartidos por persoas voluntarias e dirixidos a persoas doentes crónicas, formándoas no manexo da internet, redes sociais, escribir cartas, enviar correos electrónicos ou abrir unha conta de correo electrónico.

FESTAS DE ANIVERSARIOS. Celebración de aniversarios ás persoas doentes de Saúde Mental do Hospital de Calde.

PISO TUTELADO. Recursos de atención sociosanitaria como pisos tutelados previo á reinserción social para as persoas doentes do Hospital de Saúde Mental de Calde.

EXPOSICIÓN DE TRABALLOS DE PERSOAS DOENTES. Exposición e venda que reúne traballos realizados por enfermos psiquiátricos do Hospital de Día de Saúde



SAÚDE
MENTAL

SAÚDE
MENTAL

Mental e de Calde. A mostra inclúe pinturas, traballos de madeira, cerámicas ou traballos manuais de costura realizados nos talleres organizados no complexo hospitalario. Tanto os talleres como a exposición teñen un obxectivo terapéutico, xa que a arte contribúe a reducir o estigma e implica ás persoas doentes na organización dun acto, a xestión da recadación e a decisión posterior de que facer con eses fondos.

ONCOLOXÍA

PROXECTO CARRIÑO AMABLE OU SOLIDARIO. Implantación na área de Oncoloxía coa colaboración da Asociación Española contra o Cancro. O carriño leva bebidas e alimentos (previamente autorizados), revistas, xornais e información sobre a asociación, que se reparten a aquelas persoas doentes e integrantes da unidade familiar que o desexan.



ALMOFADA DO CORAZÓN. Iniciativa levada a cabo por p xubilados, activos da área sanitaria e persoas doentes de saúde mental que, en equipo, elaboran coxíns cuxa misión é achegar o máximo confort no postoperatorio de persoas doentes intervidas cirúrxicamente de cancro de mama.

TALLERES E ACTIVIDADES. Planificación en Oncohematoloxía e Radioterapia de talleres e actividades ao longo de todo o ano, dirixido a persoas doentes e persoas cuidadoras. Cabe destacar neste apartado “Ioga para pacientes con cancro”, iniciativa a través de clases de ioga destinadas a adquirir ferramentas para combater os efectos secundarios dos tratamentos e cirurxías, así como para xestionar adecuadamente o estrés e a ansiedade, buscando tanto beneficios físicos como mentais.

HOSPITALIZACIÓN

REPARTICIÓN DE PRENSA. Distribución diaria de xornais ás persoas doentes hospitalizadas e revistas nalgúns servizos.

INSTALACIÓN DE DISPOSITIVOS MULTIMEDIA. Instalación nos cuartos de persoas doentes de terminais táctiles que van suxeitos á parede por un brazo articulado, o que permite situar a pantalla fronte ao enfermo. Desta maneira as persoas doentes poden acceder a distintos servizos de entretemento cos que contan estes dispositivos e que ofrece a rede, desde telefonía, televisión e radio a vídeo, xogos, música, internet, noticias, libro electrónico ou videoconferencia.

HOSPITALIZACIÓN

BOOKCROSSING. Biblioteca ambulante para persoas doentes. Dúas voluntarias ocúpanse os martes de percorrer as unidades de hospitalización prestándolles libros ás persoas doentes ingresadas co obxectivo de animalas a que gocen da lectura durante a súa estancia no hospital. O proxecto dispón dun blog.

GUÍA DE ACOLLIDA DA PERSOA DOENTE INGRESADA. Guía elaborada para facilitar a estancia das persoas doentes no hospital, con indicacións que lle axudan á

persoa doente nos distintos procesos, como trámites administrativos, documentos necesarios para o ingreso, normas de hixiene, horarios do servizo, normas do centro ou dereitos e deberes da persoa doente.

FELICITACIÓN DE ANIVERSARIOS. Felicítanse as persoas ingresadas o día do seu aniversario nas tarxetas da comida.

PROXECTO DE ACOMPAÑAMENTO COA LECTURA. Relatos en vivo a persoas doentes ingresadas e animados con sinxelas cancións, todo a cargo de estudantes voluntari@s dun instituto de Lugo.



UNIDADE DE PARTOS

PLAN DE PARTO E NACEMENTO. O Plan de nacemento é un documento escrito no que a muller xestante manifesta e deixa constancia dos seus desexos e expectativas para o momento do parto. A súa función non é exactamente planificar o desenvolvemento do parto, nos que están implicadas moitas variables impredecibles, senón ofrecer a oportunidade de expresar as súas preferencias para aqueles aspectos nos que existen alternativas igual de eficaces e seguras. Tamén se lles ofrece a oportunidade de que coñezan o paritorio antes do parto así como información nas primeiras xestións, vacinas e revisións médicas do menor lactante que acaba de nacer.

AGASALLO DE FLORES. Proxecto “Unha rosa para ti”, no que ás mulleres que dan a luz no HULA, se lles fai entrega dunha rosa. Estas rosas cultívanse no invernadoiro do Hospital de Saúde Mental de Calde por parte das persoas doentes.

URXENCIAS

PROGRAMA “CERCA DE TI”. Para persoas que acoden soas ao Servizo de Urxencias, favorecendo a empatía e preservando a súa intimidade e a confidencialidade.

ÁREAS COMÚNS/ XERAL

MÚSICA NO HOSPITAL. Este programa de musicoterapia abarca unha serie de mini concertos que periodicamente veñen celebrando no hospital, a través dun convenio co Conservatorio de Música de Lugo, cos que diferentes concertistas contribúen a facer máis levadía a estancia no hospital.

PROGRAMA DE TEATRO. O Hospital Lucus Augusti conta coa colaboración do grupo de teatro do centro, e con outros pequenos grupos que en datas sinaladas representan obras de teatro abertas a todo o público no salón de actos do hospital, onde persoas doentes, persoal sanitario e familias pasan un momento divertido e cultural.

ÁREA DE PERSOAL SANITARIO:

ÁREAS COMÚNS/ XERAL

GUÍA DE ACOLLIDA DA PERSOA TRABALLADORA. Manual de acollida para o novo persoal das distintas unidades docentes da área sanitaria, elaborado para unha mellor adaptación profesional da persoa ao posto de traballo e aos procedementos no menor tempo posible e para a súa integración na organización. No Plan de acollida ofréceselle a información necesaria á persoa traballadora para que coñeza o contexto da organización.

DISPOÑIBILIDADE DE BIBLIOTECA PARA PERSOAL SANITARIO. Atópase na planta terceira do bloque administrativo do Hospital Lucus Augusti.

ATENCIÓN AO PERSOAL XUBILADO. Acto de homenaxe e despedida ao persoal xubilado da área sanitaria, apoio e asesoramento nos trámites que leva o paso de status laboral simplificando e facilitando estes, e posibilidade de colaborar no Voluntariado Gold. Un proxecto novo é a configuración dun grupo de xubilados procedentes do ámbito cirúrxico, para orientar e imprimirlles tranquilidade ás familias no intraoperatorio e no postoperatorio inmediato.



ÁREAS COMÚNS/ XERAL

CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL. Dirixido aos fillos do persoal sanitario do complexo hospitalario. Ademais, nestas datas realízase un acto de entrega de agasallos aos fillos das persoas traballadoras en Nadal por parte dos Reis Magos.

CERTAMEN AMBIENTACIÓN NAVIDEÑA DE UNIDADES DEL HULA. Nas festas do nadal organizase un certame de decoración con material reciclado, no que participan os profesionais de todos os Servizos.

CORO DE PERSOAL SANITARIO. A agrupación coral está formada por 45 persoas traballadoras do complexo hospitalario ou relacionados con este, e que xorde no 1991 co fin de lles alegrar a vida aos enfermos e ao persoal sanitario. O Coro Hospital Lucus Augusti leva 20 anos espallando música e cultura por España, Portugal, Francia, Italia, Austria ou Hungría, e destacan actuacións realizadas no

ÁREAS

Vaticano, Santa María a Maior, “Casa de Galicia” en París, “Pazo de Schombroum” en Viena, e no Centro Galego de Bos Aires, no 2007, con motivo do seu Centenario. Na súa longa traxectoria leva acadado varios premios, e ten dous CD musicais gravados nos anos 2001 e 2011.

ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL. Pensada para mellorar a conciliación do persoal sanitario, está situada no Hospital Lucus Augusti, e conta con 54 prazas para as persoas menores de idade de entre 0 e 3 anos.

RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA:

ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

HORTO SOLIDARIO. Horto dentro do recinto hospitalario cunha superficie útil de 1 200 m², que corresponde a 16 parcelas en horto exterior e 800 m² de invernadoiro. Trátase dun proxecto de economía solidaria que naceu coa intención de axudar a cubrir necesidades alimenticias das familias lucenses en situación de exclusión social e formar a persoas na produción de agricultura ecolóxica, ampliar así a súa empregabilidade, fomentar a mellora da saúde e a súa calidade de vida. Créase así un espazo con repercusión, social, cultural e ambiental con xornadas de portas abertas, actividades con escolares, festexos de datas importantes no calendario hortícola etc. A produción, ao redor de 4 500 kg anuais de produtos da horta, é doada integramente a catro entidades benéficas: Banco de Alimentos, Centro de Discapacitados San Pablo de Mondoñedo, Asilo de Anciáns de San Roque de Lugo e ao Comedor Social San Froilán da cidade da Muralla.



ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL. Dado que os hospitais son grandes produtores de residuos e consumidores de recursos enerxéticos e naturais, formúlase desde a actividade hospitalaria a necesidade de lle ofrecer á cidadanía o equilibrio entre a atención sanitaria e o respecto ao medio ambiente, polo que se implantou no Hospital da Costa, no ano 2004, un dos sistemas de xestión ambiental certificados (SGMA) máis recoñecidos, ISO 14001, e converteuse no primeiro hospital público galego en dispoñer deste recoñecemento pola súa aposta pola protección do medio ambiente.

VISITAS GUIADAS. Para que coñezan o seu hospital de referencia, convídase a alumnos de educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, é dicir, a alumnos de 3 a 18 anos. Ofértanse, entre outras

ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

actividades, visitar os diferentes servizos do centro hospitalario: Cociña, Radioloxía, Departamento de Investigación, laboratorios, Biblioteca da Persoa Doente, Medicina Preventiva, Procesamento de Material Estéril etc. Preténdese favorecer o achegamento dos alumnos á vida cotiá do hospital, permitíndolles mostrar aos alumnos o traballo que se realiza desde o punto de vista asistencial, docente e investigador, así como tamén con que recursos contan o seu persoal sanitario. As visitas aprovéitanse para promover a



saúde entre eles mesmos, desdramatizar a enfermidade entre as persoas menores de idade e mozos facendo que conciban o hospital como un centro promotor de saúde, e axudar á orientación académica e profesional do alumnado. Está previsto ofertar nun futuro próximo visitas guiadas para persoas usuarias adultas e discapacitadas, coa colaboración da Cruz Vermella, Cogami e o Centro de discapacitados de Villalba.

ESPAZO PARA AS ASOCIACIÓNS DE PERSOAS DOENTES. As asociacións de persoas doentes da área, ata 25 entidades, contan cun local de 40m² situado na 4.ª planta do HULA para o seu uso compartido. Aténdese así a unha demanda destes colectivos, ofrecéndolles un espazo propio para realizar funcións informativas, de divulgación e apoio a aquelas persoas doentes e familias que o requiran. Teñen o seu epicentro na Subdirección Xeral de Calidade e Atención á Cidadanía, e desde a Escola de Persoas Doentes desenvólvense talleres moi produtivos por toda a comunidade galega, desde a súa apertura levaron a cabo máis de 500 actividades, nas que destaca o importante rol da persoa doente experta na formación de autocoidados.

CONSELLO ASESOR DE DOENTES. A área sanitaria de Lugo conta con este órgano colexiado de carácter consultivo, que ten por finalidade a mellora da calidade da asistencia sanitaria a través da percepción dos servizos sanitarios por parte dos e das pacientes, así como informar e asesorar aos órganos responsables, en cada momento, da dirección e xestión das áreas sanitarias

CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN. Como a campaña no Día Mundial da Diabetes, que se leva a cabo nas instalacións do Hospital Universitario Lucus Augusti coa colaboración da Asociación de Diabéticos Lucenses. Son mesas atendidas por persoal sanitario de enfermería e persoas voluntarias, nas que se lles realizan medicións de glicosa a todas aquelas persoas que o desexen e infórmase da problemática da diabetes e da importancia duns hábitos de vida saudables como principal forma de previla.



ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

CICLOS DE CHARLAS SAUDABLES. Serie de conferencias organizadas por *La Voz de Galicia* e a Xerencia da área sanitaria en Afundación, impartidas por especialistas con temas de interese social para abordar e expoñer algunhas claves e recomendacións que posibilitan unha vida máis saudable, así como analizar as enfermidades con máis impacto na comarca. Así, xa se trataron temas como doenzas respiratorias etc.

TALLERES DE PERSOAS DOENTES. O complexo Hospitalario puxo en marcha o proxecto “Comiendo sano”. Trátase dunha serie de talleres de nutrición impartidos por dietistas voluntarias na Unidade de Pediatría, Rehabilitación Cardíaca e no Hospital de Día de Oncoloxía.



VOLUNTARIADO GOLD. Programa de voluntariado propio da área sanitaria. As persoas voluntarias están integradas no Plan de voluntariado galego da Consellería de Políticas Sociais.

ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

BANCO DE AXUDAS TÉCNICAS. Creación e xestión dun Banco de Axudas Técnicas desde os servizos de traballo social e de orde interna e seguridade para o acceso a camas articuladas, cadeiras de rodas e material de axuda en concepto de préstamo de uso.

PISO PARA PERSOAS DOENTES E FAMILIAS. A través da asociación “Somos Unidos polo Cancro”, ofértase un piso a persoas doentes e familias con cancro para que poidan descansar entre esgotadoras sesións de quimioterapia ou de radioterapia ou durmir unha noite para evitar que madruguen e fagan quilómetros para acudir á cita dunha proba diagnóstica. Tamén se lles ofrece aos pais das persoas menores de idade ingresadas durante tempo prolongado, mentres dure a estancia hospitalaria.